



O operador galego agasalla a primeira compra do novo curso en supermercados Gadis, referente de distribución en Galicia

R ofrece a estudantes Internet ultrarrápida FTTH para comezar o curso a toda velocidade

- *A proposta de R está pensada para estudantes que queren compartir unha conexión a Internet de altísima velocidade cun router de última xeración por só 29 € ao mes.*
- *Quen sexan estudantes e de R poderán facerse cun cheque de 30 € sen data de caducidade para consumir nalgún dos supermercados Gadis de Galicia ou do Bierzo.*
- *R e Gadis revalidan o seu compromiso coa poboación de Galicia ofrecendo a mellor Internet e vantaxes engadidas a estudantes para o curso 2025-26.*

Martes, 2 de setembro de 2025.- A oferta de R para estudantes no novo curso inclúe, ademais de teléfono fixo, 1 Gbps de fibra FTTH —a máis rápida e avanzada do mercado— e un router wifi-6 de última xeración para unha **conexión ultrarrápida de calidade óptima** (ata catro veces máis cobertura wifi e máis velocidade). Todo, por 29 € ao mes.

A campaña do operador galego está pensada para estudantes que xa teñen servizo de móbil e queren aforrar compartindo na súa vivenda unha conexión ultrarrápida a Internet cun router de última xeración. <https://blog.mundo-r.com/es/internet-estudiantes/>

R e Gadis en Galicia: compromiso + confianza + proximidade

O seu compromiso coa comunidade galega e proximidade ao cliente avalan agora a alianza entre R e Gadis para facer máis doado o regreso ás aulas este novo curso.

Quen estean a estudar e sexan de R gozarán do servizo de telecomunicacións máis avanzado e dun **cheque de 30 € que non caduca**, para consumir en calquera tenda física de Gadis da comunidade galega ou do Bierzo (León).



**o teu internet
agora vén
con 30 pavos**

internet estudantes **R**

1Gb | **29€/mes**
prezo final

+cheque de compra **30€** **GADIS**

R voemos

Para gozar da oferta de estudantes hai que contratar a promoción de **R** antes do 30 de setembro. Após instalar os servizos do operador galego no domicilio só cómpre descargar a *app* de Gadis e vinculala a unha conta activa. Os/as clientes/as recibirán os 30 € o derradeiro día do mes no que instalen os servizos de **R** (31 de agosto ou 30 de setembro).

Alfredo Ramos, director de **R** e do grupo MasOrange en Galicia, quixo “*pór en valor a implicación de Gadis nesta proposta. Compartimos valores que forman parte da nosa identidade como marcas galegas: a proximidade coa xente, a colaboración para xerar valor conxunto e a innovación como panca de futuro. É un orgullo podermos trasladar todo isto a milleiros de estudantes que representan non só o presente senón tamén o futuro das nosas compañías e de Galicia*”.

A directora de *Marketing* de GADISA Retail, Melisa Pagliaro, sinalou que “*Esta alianza permítenos ofrecer vantaxes aos nosos clientes máis novos e demostra, unha vez máis, o noso compromiso coas familias galegas e co futuro dos nosos estudantes*”

Sobre Gadis

Gadis, cadea de supermercados 100% galega, conta cunha ampla variedade, servizo personalizado e unha gran relación calidade-prezo. Con máis de 10.000 referencias e unha gran presenza de produtos frescos, ecolóxicos e produtos adaptados a necesidades dietéticas específicas, a cadea de supermercados conta con mostradores de atención personalizada que permiten ofrecer o mellor servizo.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga, televisión dixital e, dende o ano pasado, luz e gas. E para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Como marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. Dende abril de 2024 forma parte do grupo MasOrange, líder do sector das telecomunicacións en España por número de clientes, cuns 39M de liñas entre banda larga e móbil. O operador galego é a insignia do grupo en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e máis do 90 % da poboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G. (R.gal)

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal